

Pezas de hasta do Museo de San Paio de Narla (I)

M.^a del Rosario Fernández González

Resumo: O Museo Fortaleza de San Paio de Narla posúe, dentro dos seus fondos, unha variada colección de obxectos realizados en hasta. Neste primeiro artigo amósanse as cornas e as polvoreiras, deixando para un segundo traballo os tinteiros, salvadeiras e culleres.

Resumen: El Museo Fortaleza de San Payo de Narla posee, dentro de sus fondos, una variada colección de objetos realizados en asta. En este primer artículo se muestran las colodras y los polvorines, dejando para un segundo trabajo los tinteros, salvaderas y cucharas.

Abstrac: The Museum Fortress of Saint Paio of Narla possesses, inside his bottoms, a varied collection of objects realized in horn. In this first article show the glass of horn and the cases of gunpowder, leaving for a second work the inkwells, sandboxes and spoons.

O conxunto de pezas de hasta que neste traballo presentamos atópase na Sala de Corte das Bestas do Museo Fortaleza de San Paio de Narla, formando parte da exposición permanente.

Está composto por dous vasos feitos en corno de bovino e outras dúas pezas máis, do mesmo material, destinadas a conter pólvora ou perdigóns para a caza.

A preparación

Estes utensilios realizados polos pastores nos seus ratos de soidade vixiando o gando, facíanse usando as cornamentas de gando bovino ou caprino.

Sometíanse primeiro a un proceso polo que se separaba a medula da funda de queratina fervendo a cornamenta varias horas ou deixándoo o corno preto dun mes somerxido en auga fría. Cando se desexaba que tivesen un acabado brillante pulíase exteriormente co fío dunha navalla ou cun anaco de cristal.

A continuación cortábanse os dous extremos da hasta, (en poucas ocasións conservábase o remate do pitón) facendo agora a base que no caso das colodras é a parte mais estreita do corno e no das polvoreiras a máis ancha. A base realizábase sobre todo con madeira de xenebro, faia, carballo, aciñeira ou olmo. Ás veces usábase a cortiza como fondo introducido a presión. Pola contra, os de madeira suxeitábanse con pequenas puntiñas de ferro.

A asa das colodras facíase con tiras de coiro grampadas ou cosidas ao corno ou ben cunha asa de metal (latón) soldada que facía de unión dos aneis da boca e a base feitos no mesmo material.

No caso das polvoreiras as asas facíanse a maioría cunha cadea metálica suspendida de dous aneis.

A utilidade

A preferencia pola hasta débese a que os utensilios de barro quebrábanse e os metálicos crocábanse. Ademais era un bo illante.

As chamadas colodras (do latín *calathus*, copa ou vasilla) eran usadas basicamente para beber nas fontes, levándose penduradas do bernal.

Os que tiñan tapadeira utilizábanse para levar augardente, aceite, viño, herbas curativas, allos, sal para darlle ás vacas ou ás ovelas e ofrecerlles así un suplemento de minerais, pementa, touciño, miera (aceite de xenebro) para facerlle curas ao gando, garavanzos, como medidor de líquidos ou tamén para embutir chourizos ou morcillas.

Tamén serviron como elemento sonoro para reunir ao gando.

Outras veces empregáronse para filtrar o leite, sobre todo en Asturias e León, acompañados dunha manda de crinas de cabalo.

Cando se usaban para gardala pedra de afiar non se cortaba polos dous extremos o corno senón soamente polo máis ancho.

As polvoreiras de caza empezaron a utilizarse a partir da invención da pólvora, ao parecer introducida en Europa polos gregos e árabes no s. XIII aínda que xa a usaran os chineses para fogos artificiais. Este tipo de obxectos adoitaban facerse por encarga (xeralmente do dono dos pastos) xa que os pastores non cazaban con escopeta senón con lazos, cepos, redes e trampas.

A localización

A maioría das pezas conservadas pertencen ás provincias de León, Burgos, Soria, Segovia, Salamanca, Toledo, Cáceres, Badaxoz, Guadalaxara ou Logroño.

A temática

É variadísima. Aínda que predominan as representacións de elementos da natureza como especies da fauna e flora españolas: cabras, galos, touros, cervos, cabalos, lebres, faisáns, baleas, delfíns e focas, tamén aparecen gravados animais fantásticos como sereas, dragóns, unicornios, centauros, serpes ou basiliscos. Non faltan tampouco os motivos relixiosos como figuras de santos, a Virxe ou Cristo na cruz, ademais de símbolos como a árbore do Paraíso. Ás veces tállanse o sol e a lúa, ou castelos, cabaleiros e escudos.

Moi frecuentemente inclúanse dedicatorias, lendas, a autoría, o nome do propietario ou o ano de fabricación.

A colección

Núm. de inventario: 79 / N-345



Clasificación xenérica: gandería/arte pastoril

Obxecto: colodra

Materia: corno, cortizo e coiro

Técnica: gravado e pulido

Medidas: lonxitude 14 cm; diámetro da base 6,3 cm; diámetro da boca 8 cm

Cronoloxía: s. XIX



Descrición: Corno de bóvido baleirado e cortado polos dous extremos. A base está pechada cun fondo de cortizo suxeito con puntiñas de ferro. Unha asa de coiro cosida e cravada permite levar a peza pendurada do zurrón. A decoración céntrase na figura dun dragón alado orientalizante con cornos, grandes orellas, corpo escamado e espiñazo ourizado en pugas. Posúe unha gran cola levantada na que repousa un galo. O dragón xa aparece nos Libros de Isaías ou Daniel asociado ao diaño. Pola contra o galo pode interpretarse como un elemento protector contra Lucifer xa que preserva incluso leóns ou basiliscos. A continuación pode verse unha figura estilizada que parece representar unha serpe de sete cabezas. En medio de ambos motivos hai un elemento decorativo que recorda ás taraceas árabes. Preto da boca aparecen as iniciais ZBBPNG que probablemente corresponderían ás iniciais do autor ou do dono da peza.

Núm. de inventario: 78 / N-346



Clasificación xenérica: gandería/arte pastoril

Obxecto: colodra

Materia: corno, cortizo e latón

Técnica: gravado e soldado

Medidas: lonxitude 11,5 cm; diámetro da base 10,5 cm; diámetro da boca 8,5 cm

Cronoloxía: s. XIX

Descrición: Corno de bóvido baleirado e cortado polos dous extremos. A base está pechada cun anaco de cortizo e forrada por un anel dentado de latón que se repite na boca da peza. Ambos aneis están unidos (mediante unha soldadura) pola asa do mesmo material. Carece de decoración.

Núm. de inventario: 80 / N-347



Clasificación xenérica: caza/arte pastoril

Obxecto: polvoreira

Materia: corno e madeira

Técnica: gravado

Medidas: lonxitude 17 cm; diámetro da base 6,3 cm; diámetro da boca 4,2 cm

Cronoloxía: s. XVIII

Descrición: Corno de bóvido baleirado, coa base pechada cun fondo de madeira de faia. Na boca e na base levaría primitivamente un anel metálico. A parte do corno máis próxima á boquiña está devastada e pechaba cun tapón feito en bronce, hoxe perdido. Conserva, en cambio, o anel do mesmo metal para suxeitar a asa. No bordo da base leva un saínte semicircular perforado para a correa de suxeición.

Ten decoración gravada por toda a superficie. Destaca sobre os outros motivos un gran escudo de España (de Carlos III) con catro carteis, dous deles coas armas do Reino de Castela (Castelo de ouro almeado) e os outros dous coas do Reino de León (león rampante en prata e coroado). No medio aparece o escusón coas armas da Casa de Borbón en España (tres flores de lis). Á súa esquerda o escudo dos Borbóns. Ao timbre, a coroa real pechada. Debaixo do brasón aparece a vista dunha cidade portuaria cun barco a vela. Remata a decoración unha aguia bicéfala, símbolo da unión do Sacro Imperio Romano Xermánico coa Monarquía Ibérica.

Núm. de inventario: 81 / N-348



Clasificación xenérica: caza/arte pastoril

Obxecto: polvoreira

Materia: corno, madeira e bronce

Técnica: gravado

Medidas: lonxitude 19,5 cm; diámetro da base 6,7 cm; diámetro da boca 2,5 cm

Cronoloxía: s. XVIII

Descrición: Corno de bóvido baleirado, coa base pechada cun fondo de madeira forrado cunha lámina de bronce. A parte do corno máis próxima á boquiña está desvastada e pechaba cun tapón feito en bronce, hoxe perdido. Conserva os dous aneis do mesmo metal para suxeitar a tira de coiro ou metal que permitiría levar a peza colgada do cinto.

Bibliografía

- BELLIDO BLANCO, A.: «Arte pastoril en Soria». *Revista de Folklore*. n.º 281. Caja España. Fundación Joaquín Díaz. 2004.
- CARO BAROJA, J.: «Catálogo de la colección de cuernas talladas y grabadas», *Trabajos y Materiales del Museo del Pueblo Español*. Madrid, 1950.
- ESCORTELL PONSODA, M.: Catálogo de la Colección Etnográfica del Museo Arqueológico de Oviedo. Oviedo, 1984 (ISBN: 84-505-0730-8).
- ESTORNÉS LARA, B. Artistas anónimos: nuestros pastores. Sus objetos usuales. La talla y decoración de la madera especialmente la de boj. Motivos decorativos.
- GUERRERO MELGUIZO, A y LÓPEZ, A.: Traje de pastor extremeño. Museo del traje. 2008.
- MANRIQUE DE LARA. «El arte popular pastoril. Las colodras pastoriles». *ABC*. 22/11/1959.
- VV.AA. *Enseres*. Museo etnográfico de Castilla y León. Zamora, 2002 (ISBN: 84-932110-3-6).